



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/9	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de febreiro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:45 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ



Concello de Cangas

78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ
-----------	----------------------	----

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 12 e 19 de febreiro de 2018

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local realizadas os días 12 e 19 de febreiro de 2018.

Expediente 884/2018. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M. E. O., na que demanda un pintado de liña discontinua na estrada da Avda de Bueu. A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude da Sra. E. O., indicándolle, así mesmo, que non procede o solicitado xa que a citada vía no é competencia municipal senón da Xunta de Galicia.

Expediente 837/2018. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por P. O. J., na que demanda o pintado de liña amarela no Igrexario, nº 20-O Hío. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización horizontal mediante o pintado de liña amarela continua diante do sinal de pasaxe permanente instalado no referido lugar.

Expediente 562/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 562/2018.- Outorgar licenza de obra a C. G. A., con enderezo a efectos de notificacións na Travesía deportiva do Campo de fútbol, nº 2-Cangas, agás dereito de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



propiedade e sen prexuízo de terceiros, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, reformar unha vivenda 46,00 m²., de planta baixa; 46,00 m²., de primeiro andar; 3,42 m²., de terrazas e escaleiras e ampliar 46,65 m². de segundo andar; 13,25 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 13,25 m²., de terrazas e escaleiras, sita en rúa Santa Baia, nº 11, de conformidade co proxecto redactado pola arquitecta M. T. F. I. de data 31 xaneiro de 2018. A licenza outorgarase a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado, oficios co nomeamento do director de obras e de execución destas e formalizar perante Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a setenta e cinco mil euros (75.000,00 €).

Expediente 874/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 874/18.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB-Vigo, para en rúa do Souto-Darbo (Nº SDG: 248316090219), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 6 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada en data 15 febreiro de 2018, redactada polo enxeñeiro industrial M. A. B. L. e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

*Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de



primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 7515/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7.515/17.- Outorgar a CONSTRUCCIONES VIZOSO IGLESIAS SL, con enderezo na rúa Os Pinos, nº 5-baixo-Coiro, para no lugar de Telleiro do Norte-O Espírito Santo-Coiro, regulado pola ordenanza 8, solo urbano consolidado (URFE), licenza de obra para construír unha edificación dedicada a establecemento hosteleiro para 7 apartamentos turísticos nunha superficie de 333,28 m2., de planta baixa; 51,07 m2., de edificacións comúns; 130,50 m3., de muro de contención e un cerramento de 90 ml., de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto J. L. D. G., de data novembro de 2017. A licenza outorgarase condicionada a que antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e coordinador de seguridade e saúde, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento cincuenta e catro mil novecentos setenta e cinco euros con trinta e cinco céntimos (154.975,35 €).

Acéptaselle a fianza depositada para garantir as obras de urbanización por importe de mil un euros con sesenta e oito céntimos (1001,68 €) en Abanca.

Expediente 5898/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 875/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 875/18.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB-Vigo, para en rúa da Devesa, nº 10-Aldán, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 5 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada en data febreiro de 2018, redactada polo enxeñeiro industrial M. A. B. L. e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.



* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 473/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Tipo de votación: falta de tempo

Expediente 106/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 106/2018.- Outorgar a PRO-URBAN MORRAZO SL, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Ferrol, nº 7-entrechán B-Cangas, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, construír un edificio de 133,00 m²., de planta soto; 133,00 m²., de planta baixa comercial; 125,06 m²., de primeiro andar; 125,06 m²., de segundo andar; 81,20 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 96,68 m²., de terrazas e escaleiras (residencial para cinco vivendas e baixo comercial) en rúa Antonio Nores, nº 24-Cangas, redactado polo arquitecto C. B. M. de data 15 de decembro de 2017 e con data de visado 21.12.2017 e documentación complementaria de data 7 de febreiro de 2018, visada en data 07.02.2018. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución destas visado polo colexio correspondente, oficio co nomeamento do director de obra e de execución, a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza e cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a trescentos cincuenta e dous mil euros (352.000,00 €).



Concello de Cangas

Expediente 7344/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Expediente 4904/2017. Licenza de parcelación

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 775/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 775/18.- Expediente de obras Nº 19.258.- LICENZA Nº 18.920

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a B. A. B., con enderezo en Pedra da Lan, nº 23-Coiro, para unha vivenda unifamiliar sita no referido lugar construída ao abeiro da licenza municipal Nº 18.920, vistos os planos do estado final de obra visados o 20.05.2009 e tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 20 de febreiro de 2018 e informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 21 de febreiro de 2018.

Expediente 819/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 819/2018 (EXPEDIENTE Nº 25.722.- LICENZA Nº 24.603).- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J. M. Á. C. e R. M. P., con enderezo a efectos de notificacións en Monte Carrasco, nº 24-Cangas, da vivenda entre medianeiras sita en rúa Praza de Sínqulis, nº 4-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.603, tendo en conta os planos do estado final de obra visados o 07.02.2018, o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal con data 16 de febreiro de 2018 e o informe da xefa do servizo de data 20 de febreiro de 2018 obrantes no expediente.

Expediente 773/2018. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



EXPEDIENTE N° 773/18.- (EXPEDIENTE DE OBRAS N° 24.810.- LICENZA 23.725)

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a X. X. S. P., con enderezo en Sobrido, n° 13-A, de unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Pinténs-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal n° 23.725, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 20 de febreiro de 2018 e informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 21 de febreiro de 2018.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 192/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 192/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por B. A. B., para construción dunha edificación adxectiva dedicada a asador-cenador de 20,00 m²., no lugar de rúa Pedra da Lan, n° 23-Coiro, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil trescentos oitenta euros (2.380,00 €).

Expediente 798/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 798/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por AIRIÑOS DO MAR SL, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Eugenio Sequeiros, n° 30-Cangas, para reforma interior de hotel sito na Avda. Eugenio Sequeiros, n° 30, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente elaborada polo arquitecto J. V. C. de data febreiro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a cento noventa e tres mil cento sesenta euros con dezaseis céntimos (193.160,16 €).

Expediente 901/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 901/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. R. R., con enderezo a efectos de notificacións en rúa rúa Noria, n° 12-2°-Cangas, para reparación de canalóns en vivenda sita en rúa Real, n° 24-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico F. M. L. de febreiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Expediente 6291/2017. Comunicación previa en materia urbanística



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 6.291/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por V. M. P. H., para reconstrución dun muro de pedra, mellora de dúas casetas, cambio de portal, cerramento e colocación de portal, en parcela sita no lugar de Outeiro Agudo, n° 5-Menduíña-Aldán, de conformidade coa documentación presentada e coas condicións impostas polo Instituto Estudos Territorio de data 2 de maio de 2017 e Aguas de Galicia de data 21 de agosto de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos setenta e catro euros con vinte e oito céntimos (1.574,28 €).	

Expediente 876/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 876/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por HOGARLIN SA, para acondicionar un local de 390,70 m2., para venda polo miúdo de artigos de perfumería e hixiene, sito no lugar de Avda. de Marín, n° 20-rúa Gondomar, n° 7-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico industrial P. L. M., visado o 14 de febreiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil trescentos noventa e seis euros con trinta e sete céntimos (7.396,37 €).	

Expediente 802/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 802/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. R. P. L., para un cerramento de 64,00 ml., sito no lugar do Castelo, n° 13-Darbo, de conformidade coa documentación presentada e coas condicións impostas pola Deputación Provincial de vías e obras de data 29 de xaneiro de 2018.	
Acéptaselle a cesión efectuada o 20 de febreiro de 2018 de 15,00 m2. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil euros (3.000,00 €).	

Expediente 4874/2017. Aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto: "Humanización rúas Baiona e Méndez Núñez-Cangas"	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 21.02.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "HUMANIZACIÓN RÚAS BAIONA E MÉNDEZ NÚÑEZ-CANGAS", que di o seguinte:	
<i>"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE 'HUMANIZACIÓN RÚAS BAIONA E MÉNDEZ NÚÑEZ-CANGAS'</i>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

1º.- Visto o informe de M^a Isabel Medraño Fariña, coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras de humanización rúas Baiona e Méndez Nuñez, que indica que a empresa adxudicataria das obras presentou o Plan de Seguridade e Saúde e que o mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente informando favorablemente.

2º.- Vista a necesidade de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto: 'Humanización rúas Baiona e Méndez Nuñez-Cangas'.

Expediente 123/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por L. S. S., por importe de novecientos vinte e dous euros con corenta e catro céntimos (922,44 €), para garantir a finalidade do expediente de obra nº 25713, licenza nº 24.602.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 7209/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza de mil catrocentos cincuenta e seis euros con corenta e dous céntimos (1.456,42 €), ingresada por N. R. F., no expediente nº 20.900, licenza de obra nº 20.365.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 844/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por U. P. Á., por importe de trescentos euros (300,00 €), para garantir a finalidade do expediente de obra nº 25.262, licenza nº 24.135.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 781/2018. Proposta de recoñecemento de custas xudiciais (PO 4130 /2015)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía do día 17.02.2018, referente a recoñecemento de custas xudiciais, que di o seguinte:</p> <p><i>"Visto o Decreto nº 520/2016 de data 15.12.2016 emitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento ordinario nº 4130/2015, instruído a instancia de 'ORANGE ESPAGNE SA', no que se aproba a taxación de custas por importe de mil oitocentos oitenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos (1.883,57 €), a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.</i></p> <p><i>Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</i></p> <p>ACORDO</p> <p><i><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a obriga de mil oitocentos oitenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos (1.883,57 €), en concepto de custas procesais, con base no disposto no Decreto de data 15.12.2016, recaído na Peza de taxación de custas nº 4130/2015 0001 e Dilixencia de ordenación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección 2ª) no Procedemento ordinario nº 4130/2015, instruído a instancia de 'ORANGE ESPAGNE SA'.</i></p> <p><i><u>Segundo.-</u> Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Urbanismo, Intervención e Tesourería para os efectos oportunos".</i></p>	

Expediente 925/2018. Prestación do servizo de axuda a domicilio	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude do Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>*CONCEDERLLE a P.M.F., o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo do servizo total:</u> catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cento oitenta e catro euros con dezaseis céntimos (184,16</p>	



Concello de Cangas

€/mes).

Número de horas: 35 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de marzo de 2018.

Expediente 737/2018. Aprobación do prezo público do programa de obradoiros infantís–ludoteca

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta do concelleiro de mocidade e voluntariado, referente a aprobación de prezo público da ludoteca municipal, que é como segue:

"Proposta de Andrés Garcia Bastón, concelleiro de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas.

** Aprobación do prezo público do Programa obradoiros infantís–Ludoteca Municipal de Cangas, quedando do seguinte xeito:*

- Cota neno/nena: 25,00 €/curso completo (2 horas semanais).

- Cota neno/nena: 40,00 €/curso completo (4 horas semanais).

- Cota neno/nena: 50,00 €/curso completo (6 horas semanais)".

Expediente 826/2018. Solicitud de subvención para contratación de dous peóns forestais para o “Servizo de limpeza e valorización forestal Concello de Cangas”

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, de solicitude de subvención para a contratación de peóns forestais, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2017, POLA QUE SE ESTABLECEN AS AXUDAS APROL RURAL PARA O ANO 2018

Vista a Orde do 31 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Vistas as necesidades de persoal do Concello existentes na actualidade, en consonancia coas accións subvencionadas, segundo o establecido no artigo 1 da orde antes citada.

Vista a documentación que consta no expediente, propoño á Xunta de Goberno Local:

PUNTO ÚNICO.- Solicitar subvención para a contratación de dous peóns forestais por un período de 9 meses, a xornada completa, que cumpran cos requisitos previstos na citada Orde de 31 de decembro de 2017, de acordo co servizo denominado: "Servizo de limpeza e valorización forestal Concello de Cangas", segundo o seguinte detalle:

NUM. TRAB.	GRUPO COTIZ. S.S.	OCUPACIÓN	CNAE 2009/ OCUPACIÓN	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATR. S.	COTA PATRONAL S.S.	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
2	10	PEÓN FORESTAL	D	1.403,68	37,80%	530,59	1.934,27	9M	100	34.816,88".

Expediente 574/2018. Solicitud de axuda á Axencia de Turismo de Galicia, para promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia-2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da concelleira de Turismo, referente a solicitude axuda á Axencia de Turismo de Galicia para promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia-2018, que se transcribe de seguido:

"Con base na Resolución de 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión de festas declaradas de interese turístico de Galicia e tendo en conta a declaración das Danzas Ancestrais de Cangas de interese turístico galego por Resolución de 10 de xuño de 2005 (DOG 08.07.2005), é intención de este Concello continuar na valorización, promoción e difusión destas, conservando a súa calidade e axudando ao mantemento da súa singularidade, arraigamento e valor cultural.

Características que provocan que sexan miles as persoas que se achegan ao noso municipio para contemplar estes bailes que teñen lugar en diferentes épocas do ano e en distintas localizacións, así a Danza de San Sebastián de Aldán, ten lugar cada 20 de xaneiro na parroquia canguesa de Aldán, coincidindo coa festividade do santo, a Danza de San Roque do Hío, celébrase diante do famoso Cruceiro cada 16 de agosto e a Danza e Contradanza de Darbo pódese presenciar cada 8 de setembro diante da igrexa parroquial.

Todas elas contan, a lo menos, con varios centos de anos de antigüidade, pero a súa orixe é seguramente máis remota. Unhas das súas peculiaridades é que os bailaríns, especialmente as mulleres, locen traxes de enorme vistosidade inusuais no folclore galego. Dado que só se celebran unha vez ao ano, o visitante que se achega a nosa vila nesas datas sinaladas queda impresionado con estas tradicións populares que nos remiten ás raíces máis profundas do noso colectivo.



A Concellería de Turismo de Cangas, que ten por obxecto promover e difundir a presenza activa de Cangas no mercado turístico, mediante a potenciación dos seus recursos e atractivos, pretende a realización das accións, que a continuación se sinalan, para axudar a conservación, valorización e promoción das Danzas Ancestrais:

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar unha axuda á Axencia Turismo de Galicia polo importe de catro mil cincocentos euros (4.500,00 €) ao abeiro da Resolución do 04.01.2018, para axudas á conservación, valorización e promoción das Danzas Ancestrais en Cangas:

· Grabación e fotografía	2.722,50 €
· Trípticos informativos	350,00 €
· Estudo das tres danzas	1.450,00 €

Segundo.- Declarar que para esta mesma actuación non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención.

Terceiro.- Comprometerse ao financiamento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria, ata o importe total da execución prevista".

Expediente 696/2018. Proposta da Alcaldía de transmisión de 2 nichos (G7-CD) do Cemiterio de Coiro

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 20.02.2018 da Alcaldía, referente a transmisión de dous nichos do Cemiterio de Coiro, que é como segue:

"Proposta da Alcaldía de transmisión de 2 nichos (G7-CD) do cemiterio de Coiro a favor de E. P. J., por pasamento da titular I. J. N.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2010 se adoptou, entre outros, o acordo relativo á adxudicación de nichos no cemiterio de Coiro, punto 9º da orde do día, segundo o cal se elevou a definitivo o acordo de adxudicación, ata entón provisional, resultante do sorteo, así como, as condicións das concesións demaniais. Segundo o resultado do sorteo a I. J. N. fóronlle adxudicados dous (2) nichos identificados como bloque G-07-CD.

SEGUNDO.- O 21 de setembro de 2010 foi subscrito o documento formalizador do contrato de concesión demanial derivado da adxudicación mencionada entre o Concello de Cangas e I. J. N.

TERCEIRO.- Por escrito con rexistro de entrada nº 1341 do 06.02.2018, E. P. J. dá conta do falecemento da titular e solicita figurar como titular dos nichos que lle foran adxudicados a súa nai, baseándose na súa condición de herdeiro desta e tendo en conta a renuncia ao seu favor das



coherdeiras restantes.

CUARTO.- O interesado achega declaración de herdeiros 'ab intestato' outorgada perante a notaria de Cangas, M. J. L. E. o 01.12.2017, así como, o contrato privado de renuncia da titularidade da concesión sobre os nichos subscrito polas coherdeiras restantes a favor do solicitante de data 14.12.2017.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As condicións das concesións demaniais dos nichos do cemiterio de Coiro establecen, no seu apartado terceiro relativo a transmisibilidade, a posibilidade de transmisión dos nichos obxecto de concesión mortis causa a favor dos herdeiros ou legatarios do causante concesionario.

Para o suposto da existencia dunha pluralidade de coherdeiros prevé que estes deberán determinar e comunicar ao Concello quen de entre eles sucederá ao causante na titularidade.

Finalmente o citado apartado terceiro recorda en cumprimento do disposto no artigo 98.1 da Lei 33/2003, a necesidade de contar coa autorización expresa do Concello.

No presente caso o solicitante ten acreditado o pasamento da titular e a súa condición de coherdeiro coa documentación notarial que achega. Tamén resulta acreditada a disposición que realizan os coherdeiros por medio do contrato subscrito para tal efecto, para que sexa o solicitante quen se subroga na condición de concesionario que viña ostentando a causante.

Esta subrogación realízase nos mesmos termos da concesión existente, mesmo réxime de dereitos e obrigas e polo tempo restante desta, que segundo o apartado noveno das condicións da concesión parte dunha duración inicial de 75 anos, a contar desde a data da formalización da concesión inicial que como se recolle nos antecedentes da presente resolución foi realizada o 21 de setembro de 2010.

Visto o que antecede propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de data 06.02.2018, formulada por E. P. J., e polo tanto, autorizar a transmisión ao seu favor da concesión demanial sobre os dous (2) nichos do cemiterio de Coiro, identificados como G7-CD, da que era inicialmente titular a súa falecida nai I. J. N. e proceder a súa formalización.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo ao interesado xunto cos recursos procedentes contra este.

Expediente 927/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local relativa a autorización da transmisión do posto de peixe nº 57 do Mercado municipal de abastos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 21.02.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de posto nº 57 de peixe, que é como segue:

"PROPOSTA DA A CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE PEIXE Nº 57 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de data de rexistro de entrada do día 21.02.2018 (entrada nº 1990), A. L. C., con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Vigo, nº 85-1ºD-36940-Cangas-Pontevedra manifesta a súa intención de transmitir o posto de peixe do que é titular (posto nº 57) ao seu fillo A. L. R., con enderezo a efectos de notificacións no mesmo enderezo.

II.- Achegan á solicitude escrito asinado por amolos dous, no que manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto citado por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a) do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 1º grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.

III.- Achegan tamén a documentación xustificativa do parentesco (copia do libro de familia) e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión'. O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión Inter vivos a favor de parentes ata o 3º grao.

A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ao Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello onde o transmitinte e o que pretenda adquirir manifesten que teñen a intención de transmitilo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmita a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior á autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao Concello no prazo indicado, adquirir dita condición e polo tanto adquirir o



posto, no suposto terceiro de transmisión ínter vivos'.

Respecto da autorización municipal, o artigo 33 dispón que: '(...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32. Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización'.

II.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión ínter vivos por parentesco dentro do 1º grao, condición esta que se acredita cos documentos achegados xunto coa solicitude de autorización.

III.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado, segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

IV.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión, o novo titular sucederá en todos dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto de peixe nº 57 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular A. L. C., a favor do seu fillo A. L. R., debendo comunicar ao Concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados, así como á Tesourería, advertindo que pon fin á vía administrativa, polo que contra este pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante o alcalde deste Concello, no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito".



Concello de Cangas

Expediente 3329/2017. Dación de conta da acta de cesión en propiedade dun equipamento de emerxencias propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 22.02.2018, referente a cesión en propiedade dun equipamento de emerxencias, que di o seguinte:

"Dar conta da acta de cesión en propiedade dun equipamento de emerxencias propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do Concello de Cangas.

Ao abeiro da Orde de 4 de maio de 2017 da Vicepresidencia, Administracións públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, foi cedido en propiedade ao Concello de Cangas un equipamento de emerxencias, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Dar conta da '**ACTA DE CESIÓN EN PROPIEDAD DUN EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS PROPIEDAD DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A FAVOR DO CONCELLO DE CANGAS**', co seguinte texto literal:

'Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018.

REUNIDOS

Dna. Beatriz Cuiña Barja, secretaria xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e

Don José Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas

INTERVEÑEN

A primeira actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades que lle confire a Orde de 29 de decembro de 2017, sobre delegacións de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

O segundo na súa condición de alcalde do Concello de Cangas en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61 .1 a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

EXPOÑEN

Oue o 23 de maio de 2017, publicouse a Orde de 4 de maio de 2017, que establecían as bases reguladoras para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva a concellos de menos de 50000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Oue por Resolución do 28 de agosto de 2017 (DOG nº 171 do 8 de setembro de 2017),

Concello de Cangas



resolveuse adxudicar ao concello solicitante o equipamento de emerxencias concedido.

Que o artigo 12 da Orde de 4 de maio de 2017, establece que as entregas de bens ou dereitos ou a prestación de servizos adquiridos ou contratados coa finalidade exclusiva de entregalos a terceiros e que cumpran os requisitos establecidos nas letras a), b), e c) do artigo 2.1º da Lei 9/2007, terán a consideración de subvención en especie e quedarán suxeitas ás previsións desta lei.

Para estes efectos, o material adquirido por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e adxudicado aos beneficiarios desta orde está afecto ao cumprimento dunha finalidade de carácter público, polo que ten a consideración de subvención en especie e a súa cesión formalizarase mediante acta subscripta pola persoa responsable da Secretaría Xeral Técnica desta Vicepresidencia e Consellería.

Se o equipamento cedido non se aplicase ao fin sinalado ou deixase de estalo con posterioridade, se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento ou se incumprisen as condicións que se detallan na Orde de 4 de maio de 2017, considerarase resolta a cesión e os bens reverterán á comunidade autónoma, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor dos detrimentos ou deterioración que experimentasen.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza estará dotada de facultades de vixilancia e control para comprobar o cumprimento das obrigas que comporta a cesión, e, de ser o caso, para a resolución dos expedientes de reversión.

Por todo isto, ámbalas dúas partes, acordan subscribir a presente acta con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Consideracións xerais

O obxecto da presente acta é a cesión en propiedade de unha embarcación pneumática de 5,20 m., de eslora total, para as funcións de protección civil e emerxencias.

- *Nº de serie da embarcación: PT-STC07352L710*
- *Nº serie motor: 1C494794*
 - *Nº remolque: UB3RN1550HV000657*

Segunda.- Aceptación

O Concello de Cangas acepta a cesión en propiedade do equipamento de emerxencias concedido.

Terceira.- Condicións da cesión

De acordo co artigo 11 e 12 da Orde do 4 de maio de 2017, o Concello cesionario



comprométese:

a) Facerse cargo de todos os gastos do imposto especial sobre determinados medios de transporte, seguros mantemento, conservación e calquera outro gasto que puidera supor a cesión, así como, as indemnizacións derivadas das posibles declaracións de responsabilidade civil ou criminal polo uso do equipamento cedido, calquera que sexa a súa contía.

b) Destinar o equipamento a misións de protección civil e emerxencias, obrigándose ao seu mantemento, durante un mínimo de cinco anos posteriores a esta cesión (art. 71 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello).

O incumprimento da obriga de destino referida, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame dos bens, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando os bens afectos ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor.

c) Non alterar as condicións tidas en conta na súa concesión e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin. Toda alteración destas condicións poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

d) Cumprir cos requisitos de publicidade establecidos no número 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro, e no Regulamento (UE) 821/2014 da Comisión, de 28 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos e mantemento da rotulación do equipamento cedido.

e) Presentar a declaración actualizada do anexo II da Orde do 4 de maio de 2017, asinada polo representante do concello, mancomunidade ou asociación de concellos.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan a presente acta por duplicado no lugar e data que figuran no encabezamento'.

Segundo.- Facer constar que o material a que se refire a acta de recepción causa alta no correspondente Inventario de bens do Concello.

Terceiro.- Dar traslado do acordo que se adopte a Protección Civil, Intervención, Subvencións e expediente de Inventario de Bens do Concello".

Expediente 1552/2017. Proposta da concelleira de obras e servizos de nomeamento da dirección da obra de "Rehabilitación da Casa dos Pobres-Darbo" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:



Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 23.02.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a nomeamento da dirección da obra "REHABILITACIÓN DA CASA DOS POBRES-DARBO", que di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA AO NOMEAMENTO PARA A DIRECCIÓN DE OBRA DO PROXECTO 'REHABILITACIÓN DA CASA DOS POBRES-DARBO'

1º.- Vista a aprobación da Xunta de Goberno Local do proxecto 'Rehabilitación da Casa dos Pobres-Darbo'.

2º.- Vista a necesidade de nomear a dirección de obra para a execución dos traballos.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Nomear á arquitecta municipal, M. I. M. F., como directora da obra 'Rehabilitación da Casa dos Pobres-Darbo', para o inicio dos traballos.

Expediente 7154/2017. Proposta da concelleira de desenvolvemento local, referente a prórrogas das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 22.02.2018 da concelleira de desenvolvemento local, referente a prórrogas das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2018

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural, previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2017, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2018 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán "previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos".

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado



para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2018 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2018, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

- Ref: 67. R. C. M.*
- Ref: 73. R. S. J.*
- Ref: 79. O. P. P.*
- Ref: 84. L. N. I. G. L.*
- Ref: 89. M. E. C. G.*
- Ref: 92. A. P. B.*
- Ref: 159. M. V. D. H.*

CAMBIOS TITULARIDADE

- Ref: 12. D. T. C. - Artesanía A Estrada SL*
- Ref: 21. Rial y Fuentes CB - M. I. A. P.*
- Ref: 105. A. M. I. G. - Mo. G. P.*

Segundo.- Declarar revogadas as licenzas municipais de venda ambulante dos titulares que de seguido se relacionan por non presentar a solicitude de renovación:

- Ref: 63. Past River SL*

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

Expediente 6040/2017. informe-proposta da tesoureira municipal para execución de fianza ou aval bancario constituído como garantía en materia urbanística (Urxencia)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta de data 21.02.2018 da tesoureira municipal, referente a execución de fianza ou aval bancario constituído como garantía en materia urbanística, que di o seguinte:

"INFORME - PROPOSTA

En cumprimento do establecido no artigo 5.1 b) do Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro,



polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte,

ANTECEDENTES

Consultados os antecedentes desta actuación, sen que os expedientes consultados se atopen foliados e numerados, polo que se descoñece se estes expedientes están completos, constátanse os seguintes feitos:

PRIMERO.- Con data 31.05.2000 o Pleno do Concello de Cangas acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle da urbanización da Regueira, promovido por CONTRATAS Y COMERCIO SL.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en data 27.09.2005 autorizou a construción de 23 vivendas unifamiliares a DIZ FORMOSO SL, de conformidade co proxecto básico do arquitecto J. G. H.. Esta licenza estaba condicionada á execución simultánea da urbanización prevista no proxecto que contemplaba tamén o acondicionamento do lavadoiro público, así como, a substitución da canalización de administración de auga a dito lavadeiro que tería que discorrer polos terreos obxecto de cesión ao Concello.

TERCEIRO.- En data 09.02.2006 a Xunta de Goberno Local acordou o cambio de titularidade da licenza de obras antes referida pasando esta a FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL, formalizándose en data 25 de maio de 2006 perante o Banco Gallego, aval no que se indica que este se constitúe para “ ...responder das obrigacións seguintes: obras de urbanización previstas no proxecto das obrigacións unifamiliares no lugar da Mgdalena-Darbo, perante o Concello de Cangas de Morrazo, por importe de CENTO DEZ MIL CENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (110.154,87 €).

CUARTO.- En data 9 de setembro de 2005 acordouse a aprobación definitiva do proxecto de reparcelación voluntaria do ámbito. En data 27 de maio de 2005, perante o notario J. C. P., nº do seu protocolo 1077, formalizouse escritura pública de reparcelación voluntaria na que se cedía ao Concello de Cangas as seguintes parcelas:

En pago do dez por cento do aproveitamento

- *PARCELA AM1 da finca denominada 'Regueira', sita no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a solar. Ten unha superficie de CENTO SEIS METROS CON SESENTA DECÍMETROS.*
- *PARCELA VM1 da finca denominada 'Regueira', sita no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), destinada a área libre de uso privado. Ten unha superficie de TRECE METROS CON VINTE DECÍMETROS.*
- *PARCELA VM2 da finca denominada 'Regueira', sita no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), destinada a área libre de uso privado. Ten unha superficie de SESENTA E DOUS METROS CON ONCE DECÍMETROS.*
- *PARCELA VM2 da finca denominada 'Regueira', sita no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), destinada a área libre de uso privado.*



Ten unha superficie de SESENTA E DOUS METROS CON ONCE DECÍMETROS.

Como dominio e uso público

- *PARCELA ZV1 da finca denominada “Regueira“, sita no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a zona verde. Ten unha superficie de CENTO TRINTA E UN METROS CON DEZ DECÍMETROS.*
- *PARCELA ZV2 de la finca denominada 'Regueira', sita no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a zona verde. Ten unha superficie de CINCUENTA E NOVE METROS CON TRINTA E UN DECÍMETROS.*
- *PARCELA ZV3 da finca denominada “Regueira“, sita no lugar de San Pedro, Parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a zona verde. Ten unha superficie de CINCUENTA E OITO METROS CON TRES DECÍMETROS.*
- *PARCELA ZV4 da finca denominada “Regueira“, sita no lugar de San Pedro, Parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a zona verde. Ten una superficie de SETECENTOS NOVENTA E SETE METROS CON TRINTA E CINCO DECÍMETROS.*
- *PARCELA RP1 da finca denominada “Regueira“, sita no lugar de San Pedro, Parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a percorridos peonís de uso público. Ten unha superficie de CINCOCENTOS VINTE E CINCO METROS CON DOUS DECÍMETROS.*
- *PARCELA RP2 da finca denominada “Regueira“, sita no lugar de San Pedro, Parroquia de Darbo, Municipio de Cangas (Pontevedra), a percorridos peonís de uso público. Ten unha superficie de VINTE E CINCO METROS CON CORENTA E SETE DECÍMETROS.*

Na parcelación aprobada xa se establecía que as fincas de resultado adxudicadas a DIZ FORMOSO SL (con posterioridade FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL) quedan afectas á execución das obras de urbanización na proporción establecida nas súas respectivas cuotas de participación, non asignándose cota algunha ás parcelas adxudicadas e cedidas ao Concello.

QUINTO.- Con data 7 de agosto de 2007, por Resolución de Alcaldía, incoouse procedemento de restauración da legalidade urbanística nº 70/07 a PROMOCIONES FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL, pola realización de actos de edificación sen axustarse á licenza municipal, en particular, por exceder a fileira Este en moito as alturas de cornisa definidas no expediente, ao tempo que se ordenaba o precinto de ditas obras. Tras a tramitación do expediente, con data 26 de decembro de 2007 por Resolución de Alcaldía, requiriuse ao denunciado para que no prazo de TRES MESES, a contar desde o seguinte día á notificación solicitase licenza para a realización das obras realizadas, coa presentación do correspondente proxecto de legalización. En data 21 de abril de 2008, PROMOCIONES FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL, solicita a ampliación de prazo para a presentación do proxecto coa solicitude de obras.

En data 4 de agosto de 2008 por Resolución de Alcaldía ordenouse o precinto da totalidade da obra de edificación obxecto da licenza nº 20.334, visto o informe do xefe do departamento de urbanismo de data 24 de xullo de 2008 e por Resolución de Alcaldía de data 30 de setembro de 2008, desestimouse o recurso de reposición interposto por Promociones Francisco Martínez Abal SL, contra a Resolución de data 4 de agosto de 2008.

Por Decreto de Alcaldía de data 7 de xullo de 2009, se comunica que as obras de urbanización



se poden continuar ao non estar afectadas polo decreto de paralización das obras de data 4 de agosto de 2008. Obra no expediente de restauración da legalidade informe do arquitecto municipal de data 6 de xullo 2010, no que sinala que a documentación proposta se axusta ás determinacións establecidas nas NN.SS; epígrafe 2.25 das Normas Urbanísticas I. En data 4 de agosto de 2010 o arquitecto municipal indica que xa se levaron a cabo as obras de demolición definidas na documentación complementaria ao expediente polo que están subsanadas as deficiencias detectadas no expediente.

SIXTO.- Visto o informe da inspección municipal de data 5 de xullo de 2013 no sinala que '...na actualidade (logo de transcorridos case oito anos da concesión da licenza e sen que conste prórroga desta) tanto as obras de edificación das vivendas como a urbanización correspondente, atópanse sen rematar e paradas, sen ningunha actividade desde hai anos', incoouse expediente para declarar a caducidade da licenza de obras nº 20.334 por Resolución de Alcaldía de data 15 de xullo de 2013, que rematou por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de outubro de 2013, declarando a caducidade da licenza concedida a PROMOCIONES MARTÍNEZ ABAL SL, sen que durante a tramitación deste se formularsen alegacións.

SÉTIMO.- Os propietarios dos terreos ou promotores teñen a obriga de costear a urbanización dos terreos previsto na actuación correspondente e dito incumprimento provoca graves perigos de insalubridade, seguridade e ornato público, como queda reflectido por múltiples denuncias do veciños do lugar.

O artigo 96.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia establece que o incumprimento polo promotor do sistema de obrigas de urbanización, mesmo no prazo de garantía, provocará a incautación do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da facultade que asiste ao municipal de dirixirse contra o promotor no caso que a garantía non resulte suficiente para atender as responsabilidades expostas.

OITAVO.- Obra no expediente un proxecto de urbanización da fonte da Regueira-Ourelo-Darbo de data agosto/setembro de 2017, cun presuposto de execución de contrata de oitenta e seis mil douscentos oitenta e sete euros con dezasete céntimos (86.287,17 €), que ten por obxecto a recuperación dos espazos públicos cedidos como consecuencia do aproveitamento urbanístico elaborado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez e que se trata de executar para dar cumprimento a obriga de urbanización establecida no su momento.

NOVENO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de outubro de 2017 acordouse a incautación do aval (garantía nº 6001237), por importe de cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €), que garante a obriga de urbanización simultánea ás obras de edificación autorizadas a 'PROMOCIONES FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL', na licenza de obras nº 20.344 no ámbito da Regueira, s/n-Darbo, aval asinado pola entidade Banco Gallego SA, o 25 de maio de 2006, de conformidade co previsto no artigo 40 do Regulamento de xestión urbanística aprobado polo Rd 3288/1978, de 25 de agosto, e conceder un trámite de audiencia de quince días a 'PROMOCIONES MARTÍNEZ ABAL SL' (ou posible novo titular) e á entidade garante.



DÉCIMO.- Durante o trámite de audiencia de quince días concedido a PROMOCIONES FRANCISCO MARTÍNEZ ABAL SL, e ao BANCO SABADELL, (antigo Banco Gallego) non se presentaron alegacións por parte dos interesados conforme ao disposto no certificado de Secretaría de data 20 de febreiro de 2018.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- A Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.*
- O Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, de 29 de xullo.*
- O Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.*

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Consta na Tesourería a constitución do aval bancario pola entidade Banco Gallego SA, (agora Banco Sabadell), por importe de cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €), asinado o día 25 de maio de 2006 e depositado nesta entidade o 29 de maio de 2006, para garantir a execución das obras de urbanización previstas no proxecto de construción de 25 vivendas unifamiliares no lugar da Madalena-Darbo.

SEGUNDA.- Para estes efectos e á vista das condicións nas que se acordou dita garantía coa entidade Banco Gallego (agora Banco Sabadell), esta atópase vixente actualmente.

TERCEIRA.- O procedemento a seguir é o seguinte:

Instruído o procedemento, o Concello requirirá fehacientemente á entidade avalista a inmediata execución da garantía constituída polo avalado mediante ingreso na Facenda Local do importe garantido.

A execución da garantía será notificada aos interesados de acordo co establecido no artigo 40 da 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo das administracións públicas.

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2015 sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, quen subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Que visto o expediente tramitado neste Concello nº 6040/2017, se constata por



Concello de Cangas

parte desta Tesourería, que *PROMOCIONES MARTÍNEZ ABAL SL*, incumpriu as obrigas de urbanización contidas no proxecto de construción de 25 vivendas unifamiliares no lugar da Madalena-Darbo e que dita garantía se atopa vixente actualmente, motivo que xustifica a procedencia da súa execución.

SEGUNDO.- Requirir á entidade *BANCO SABADELL* (antigo Banco Gallego) para a execución da garantía definitiva prestada por *PROMOCIONES MARTÍNEZ ABAL SL*, mediante *AVAL SOLIDARIO*, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 6001237 e que ascende ao importe de cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €).

O mencionado importe deberá ingresarse mediante transferencia bancaria á conta con IBAN: ES85.2080.5022.15.3110008929 da entidade de *ABANCA*, aberta a nome do Concello de Cangas nos prazos seguintes:

- Se recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

- Se recibe esta notificación entre os días 16 e último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

TERCEIRO.- Proceder á notificación do presente acordo ao avalista e ao avalado".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850